

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 18/12/2014.**

Concelleiras/os presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos do día dezoito de decembro de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinteseis de novembro do presente ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. CREACIÓN DE FICHEIRO DE PROTECCIÓN DE DATOS PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

Por parte do Secretario-Interventor explícase a necesidade de contar cun novo ficheiro de datos persoais sometido ó establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a proposta de creación dese ficheiro, concretamente referido á recollida dos datos necesarios para a xestión da escola infantil municipal que próximamente iniciará a súa actividade. Dase conta tamén da

información emitida en relación co asunto pola empresa RB Soluciones, que asesora ó Concello neste ámbito. Obra no expediente a ficha comprensiva das características propostas para este novo ficheiro, que sería o número 15 dos do Concello, cos datos precisos para a súa identificación e correcto funcionamento.

O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- A creación do ficheiro de datos de carácter persoal nº 15 deste Concello, denominado "escola infantil municipal", e ordear que se formule solicitude da súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

2º.- Ordear a publicación de anuncio referido ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ós efectos oportunos.

3º.- Ordear a comunicación do contido do presente acordo á Axencia Española de Protección de Datos coa brevidade posible.

TERCEIRO. ACORDOS RELATIVOS Á LOCALIZACIÓN DOS FITOS Nº 7 E 8 DA LIÑA LÍMITE ENTRE OS CONCELLOS DE MOECHE E SAN SADURNIÑO.

Dase conta polo Sr. Alcalde do conflito existente con Moeche dende hai décadas pola ubicación exacta de dous fitos da liña límite sinalada nos anos 40 polos técnicos do Instituto Xeográfico Nacional, debido a un erro nos cadernos de campo topográficos que serviron de base para a delimitación. Tras varias xuntanzas mantidas entre as comisións designadas por ambos concellos, da que formaban parte no caso deste Concello representantes dos tres grupos políticos e veciños dos lugares afectados, acadouse un acordo satisfactorio para as dúas partes e que resolve as aspiracións de Moeche en relación coa ubicación no seu término de varios establecementos mercantís da zona. Indica tamén o Sr. Alcalde que as vivendas da zona afectada non experimentan modificacións.

Explica de seguido brevemente o Sr. Alcalde o contido do informe denominado "Informe topográfico sobre el acuerdo de deslinde del límite municipal, entre los mojones 7 y 9 de los municipios Moeche y San Sadurniño" de data de decembro de 2014 redactado polo Enxeñeiro técnico Topógrafo Juan Carlos Farnqueira Docampo, sendo a súa representación gráfica o Plano denominado "Plano de acuerdo del deslinde entre los mojones 7 y 9 del municipio de Moeche e San Sadurniño", documentos que recollen toda a información necesaria para a identificación da liña límite e da ubicación exacta dos fitos de que se trata.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Toma a palabra o Sr. López Loureiro, que expresa as súas dúbidas sobre que o acordo sexa beneficioso para San Sadurniño, posto que todas as actividades con relevancia económica da zona de que se trata pasan para Moeche.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Márquez interven de seguido para indicar que o acordo recolle a proposta prantexada por Moeche, resolvendo os problemas existentes na zona construída, que San Sadurniño cede moito, pero que se os afectados están de acordo, non discutirá a proposta.

O Sr. Alcalde manifesta a súa sorpresa polo feito de que, sendo a primeira vez que se inclúen membros da oposición nunha comisión destas características, non se prantexen as discrepancias nesa comisión, que era o lugar adecuado, ou non se asista ás súas xuntanzas. Por outra banda, di que parte da superficie que se perde na zona edificada compénsase en parte con outros terreos que pasan para San Sadurniño, que a perda de ingresos derivada deste acordo non superará os 300 ou 400 euros anuais e que a cuestión non é ésta, senon a necesidade de acadar unha solución a un problema antigo e evitar estar sempre en discusións e polémicas por ese tema.

O Sr. López Loureiro di que non lle foi posible asistir a máis xuntanzas por motivos laborais. O Sr. Alcalde chama ó consenso que se acadou no Pleno de Moeche, no que se adoptou o acordo por unanimidade, e o Sr. López Loureiro resposta que é lóxico tendo en conta que o beneficiado polo acordo é Moeche, e que xa manifestou a súa disconformidade coa proposta nalgunha das xuntanzas da referida comisión.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con tres votos contrarios, dos do PP e unha abstención, do do PSOE, acorda:

PRIMEIRO.- Prestar a súa conformidade coa liña límite entre os Concellos de Moeche e San Sadurniño, que ven definida no informe denominado *"Informe topográfico sobre el acuerdo de deslinde del límite municipal, entre los mojones 7, 8 y 9 de los municipios Moeche y San Sadurniño"* de data decembro de 2014 redactado polo Enxeñeiro técnico Topógrafo Juan Carlos Franqueira Docampo, sendo a súa representación gráfica o Plano denominado *"Plano de acuerdo del deslinde entre los mojones 7 y 9 del municipio de Moeche e San Sadurniño"*, que figuran no expediente.

SEGUNDO.- Ambos os dous concellos respectarán e considerarán plenamente válidas e axustadas a dereito aquelas licencias outorgadas por calquera deles nos terreos que poidan resultar afectados pola nova liña límite así como calquera outro acto ou acordo que poda afectalos, sen necesidade do exercicio de ningún tipo de accións por parte dos propietarios dos terreos.

TERCEIRO.- Copia do presente acordo, así como da documentación, tanto gráfica como descriptiva da liña límite aquí aprobada, remitirase á Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e ó Instituto Xeográfico Nacional, os efectos previstos no artigo 21 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais.

CUARTO.- Da fixación da liña límite darase coñecemento á Administración do Estado, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Entidades Locais, de acordo co establecido no artigo 22 do precitado R.D. 1690/1986, de 11 de xullo

CUARTO. ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2015.

Dase conta polo Sr. Soto do contido do proxecto de presuposto que se presenta polo grupo de goberno, un dos debates máis importantes do ano, que recolle propostas dos veciños prantexadas nas asembleas dos orzamentos participativos e se incrementa nun 11,8% respecto ó do ano pasado. É o orzamento máis detallado que se fixo ata agora, é ambicioso, realista e cubre as necesidades do Concello. Recolle un incremento das cantidades destinadas a investimentos, que acadan a percentaxe máis alta da comarca, que cos incrementos previstos por modificacións durante o exercicio, superará o millón de euros. Detalla brevemente de seguido o Sr. Soto as características de cada capítulo do orzamento, en ingresos e en gastos.

O asunto foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. López Loureiro toma a palabra para dicir que o proxecto é igual que o do 2014 e que o incremento ven do investimento no campo de fútbol que Deputación financiará, e que o Sr. Soto votou en contra na Deputación, xa que restando ese importe, o total sería inferior ó de 2014.

O Sr. Márquez di que a proposta sigue na liña dos últimos catro anos e aumenta polo investimento no campo de fútbol, xestionado principalmente polo club; sen esa cantidade sería un dos máis baixos. Critica algunhas das partidas, como os gastos de desprazamento do persoal, que se incrementan, ou as destinadas á reparación e mantemento de pistas municipais, que hai tres anos tiña 45.000 euros e para 2015 terá 25.000, cuestiona a veracidade da baixa prevista na partida adicada a publicidade e discute a procedencia doutras, como a de traballos doutras empresas, que recolle entre outros o gasto previsto para un asesor legal externo que considera innecesario. Di tamén que bota en falla unha partida para mantemento de infraestruturas forestais, porque a ordenanza aprobada polo Concello non se está a aplicar, entre outras cousas porque non se pode pedir ós maderistas que manteñan en boas condicións pistas que non o están. Pide tamén un esforzo para que os contratos laborais que asina o Concello sexan a xornada completa, e remata preguntando pola aprobación do Plan Xeral e a cuestión do convenio asinado cunha cooperativa local e manifestando a súa intención de votar en contra deste orzamento.

O Sr. Soto comeza negando que votara en contra do proxecto do campo de fútbol, que aínda non foi sometido a votación no Pleno da Deputación, non se pode enganar á xente, o que o seu grupo votou en contra foi unha proposta de modificación de crédito para repartir con criterios caciquiles, sería como dicir que o PP vota en contra do convenio co club de fútbol, que está incluído no orzamento aínda que non foi solicitado polo club. Respecto ás cuestións prantexadas polo Sr. Márquez, non sabe se se deben ó seu descoñecemento ou é que terxiversa as cousas, e explica que o gasto de persoal ó que se refería na súa intervención corresponde a gastos de transporte aboados en nómina ás traballadoras do SAF; respecto ó mantemento das pistas, hai outra consignación adicada a esa finalidade no capítulo 6, que ademais non se agotou nos últimos anos; en canto á publicidade, trátase da difusión de actividades municipais, necesaria para o seu



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

desenvolvemento. Polo referido ás xornadas de traballo do persoal contratado, non se pode contratar a xornada completa debido ás limitacións establecidas na normativa estatal, con certas excepcións.

O Sr. López Loureiro di que o seu grupo resérvase a posibilidade de impugnar o presuposto cando o analicen detidamente.

O Sr. Márquez insiste en que hai gastos innecesarios en publicidade que se poderían reducir ou suprimir para investir en cousas máis necesarias. Polo referido á consignación para reparacións en pistas, insiste en que a partida do capítulo 2 é menor que outros anos, e di que se non se agotou esa partida non é porque non haxa pistas que mellorar.

O Sr. Alcalde interven finalmente para agradecer o tono do debate ó Sr. Márquez; aínda que non coincide en nada coas súas apreciacións, manifesta o seu respecto. En canto ó Sr. López Loureiro, di que non se pode anunciar un recurso sen indicar as razóns nas que se podería fundamentar, que non ten sentido impugnar un acordo respaldado pola maioría absoluta e que unha impugnación podería causar un retraso nn desexable na entrada en vigor do orzamento.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de sete votos favorables, dos concelleiros do BNG, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP e o do PSOE, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento deste Concello para o ano 2015, establecendo a súa contía, tanto en ingresos como en gastos, na cantidade de DOUS MILLÓNS SETECENTOS NOVENTA E SEIS MIL OITOCENTOS EUROS (2.796.800), e asignando a cada un dos capítulos en que se organiza a súa clasificación económica as seguintes cantidades:

INGRESOS	
OPERACIÓNS CORRENTES	
Cap. 1- Impostos directos	645.500,00 €
Cap. 2- Impostos indirectos	50.000,00 €
Cap. 3- Taxas e outros ingresos	281.300,00 €
Cap. 4- Transferencias correntes	1.140.000,00 €
Cap 5- Ingresos patrimoniais	16.000,00 €
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Cap. 6- Alleamento de investimentos reais	1.000,00 €
Cap. 7- Transferencias de capital	663.000,00 €
ap. 9- Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL	2.796.800,00 €

Capítulo	Denominación	Euros 2015
1	Gastos do persoal	1.049.000,00 €

2	Gastos en bens correntes e servizos	774.300,00 €
3	Gastos financeiros	0,00 €
4	Transferencias correntes	96.500,00 €
6	Investimentos reais	877.900,00 €
7	Transferencias de capital	5.000,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €
9	Pasivos financeiros	0,00 €
TOTAL		2.796.800,00 €

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución de dito orzamento.

3º.- Aprobar, de conformidade co establecido nos artigo 126-1 do Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 2 de abril, a plantilla que comprende os postos de traballo existentes no Concello, segundo a Relación de Postos de Traballo oportunamente aprobada, e o resto da documentación complementaria adxunta ó proxecto de Presupuesto.

4º.- Ordea-la exposición ó público do presente acordo, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de posibilitar, no seu caso, a presentación de reclamacións, según dispón o artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais

5º.- Especificar que, no caso de que non se presenten reclamacións durante o expresado prazo, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, previo o cumprimento do trámite de publicación do resumen por capítulos, xunto coa documentación complementaria establecida na lexislación aplicable.

6º.- Ordea-la remisión de copias do Presupuesto, e da información e documentación relativa ó mesmo comprendida na normativa aplicable, ás administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e vintecatro minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

